

RESOLUCIÓN

ASUNTO: DECRETO DE PRÓRROGA DA LISTA DE AGARDA DE TÉCNICOS/AS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

EXPEDIENTE: 2021/G003/000402

ANTECEDENTES:

Por decreto desta alcaldía do 07.06.20218, núm. 319/2018, aprobáronse as bases para a formación dunha lista de agarda para a contratación de técnico/a de educación infantil, diante de posibles substitucións temporais do persoal laboral adscrito á escola infantil municipal deste concello.

A súa finalidade era a formación dunha lista de agarda, para cubrir as necesidades de contratación laboral temporal de técnicos/as de educación infantil da escola infantil municipal, ao tratarse dun servizo de carácter prioritario, e nos supostos en que a urxencia e necesidade da contratación quedase xustificada por circunstancias tales como; baixas médicas, vacacións, licencias, permisos ou calquera outra situación pola que poida resultar afectado o servizo e os ratios mínimos de persoal establecidas pola normativa para este tipo de servizo.

Visto que a vixencia desta lista de agarda é de tres anos, e remata o vindeiro 31.07.2021.

Resultando materialmente imposible proceder á confección dunha nova lista de agarda para a provisión temporal de postos de técnico/a infantil, e diante da posible necesidade de efectuar novas contratacións temporais para a substitución do persoal adscrito á referida escola infantil municipal.

En base ao exposto, e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; e demais normativa vixente en materia de persoal, RESOLVO:

Primeiro.- Prorrogar a vixencia da actual lista de agarda de técnicos/as de educación infantil do concello de Brión ata a confección dunha nova lista, e como máximo ata o 31.12.2022.

Segundo.- Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do Concello de Brión, aos efectos oportunos.

Terceiro.- Dar traslado desta resolución, á escola infantil municipal do Concello de Brión, para o seu coñecemento.